

PRIMEIRA

ORGANIZACIÓN

O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Ensino e Cultura, convoca o Desfile – Concurso de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro do marco de actividades do Entroido 2016 na Cidade de Tui, o luns 8 de febreiro ás 17:30h e en caso de suspensión por choiva o sábado 13 de febreiro ás 17:30h.

SEGUNDA

INSCRICIÓN

As inscricións das Comparsas e Grupos faranse os vindeiros días xoves 21 e venres 22 de xaneiro, por rexistro de entrada, no Departamento de Secretaría do Excmo. Concello de Tui, en impresos normalizados para este fin, en horario de 09:00h a 14:00h.

Existirá un límite de prazas, de tal xeito que só poderán participar ás 18 primeiras comparsas e os 3 primeiros grupos inscritos, facendo a salvedade de que nunca unha comparsa ou un grupo do Concello de Tui quedará fóra do concurso.

No momento de formalizar a inscrición é obrigatorio a presentación da seguinte documentación, senón non será admitida a solicitude de participación:

- Copia do C.I.F da asociación participante.
- Copia do nomeamento da xunta directiva do libro de actas da asociación.
- Copia do D.N.I do presidente da asociación.
- Certificado de conta bancaria orixinal da asociación, onde especifique o número IBAN da conta.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado.
- Declaración responsable da exención do I.V.E., se fóra o caso, segundo impreso normalizado.

TERCEIRA

MODALIDADES

COMPARSAS: requírese un mínimo de 25 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo indefinido.

GRUPOS: requírese un mínimo de 12 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo de 20 persoas.

Ámbalas dúas modalidades competirán conxuntamente nas diferentes categorías que levan compensación económica como premio no concurso que rexen estas Bases.

CUARTA

XURADO

O xurado estará formado por membros do Departamento de Cultura da Concellería de Ensino e Cultura do Excmo. Concello de Tui, ou en quen delegue, como representantes de asociacións ou entidades do municipio de Tui, así coma cidadáns do noso municipio.

QUINTA

CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado ten liberdade absoluta para xulgar aos participantes nas diferentes modalidades a concursar e, en consecuencia conceder os premios e fixos que avalan estas bases, en todo caso, pode declarar deserto un ou varios premios, así coma, diminuír a contía dos fixos outorgados pola participación, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como de dificultade, orixinalidade, ou calidade, así como pola non participación total no Enterro do Bacallau, ou asistencia tardía ao mesmo, ou ao Desfile, ou calquera circunstancia que sexa relevante de penalización.

Terase en conta coma méritos á hora da valoración para optar ao **Premio Xeral: Actualidade**(orixinalidade), **Vestiario**, **Parodia**(interpretación, sátira, sarcasmo, crítica) **Acompañamento Musical** (música en vivo e animación musical creada en directo) e **Carroza** (ou elementos construídos. [Medidas máximas: altura: 4m – ancho 3m – largo 12m]). O baremo de puntuación é de 0 a 6 puntos máximo, para o premio xeral, nos cinco méritos de valoración anteriores, coma para o premio de **Fantasia** (vestiario, coreografía).

Unha vez finalizado o Desfile o Xurado redactará unha Acta de Escrutinio, formalizando os premios outorgados, que lle correspondan a cada comparsa ou grupo por participar no concurso, segundo rexen estas Bases, como aqueles que puideran quedar desertos.

SEXTA

PREMIOS E FIXOS

PREMIOS	XERAL	CARROZAS	A. MUSICAL	FANTASIA		FIXOS	COMPARSAS TUDENSES	COMPARSAS FORÁNEAS	GRUPOS TUDENSES	GRUPOS FORÁNEOS
1º trofeo +	700 €	400 €	200 €	250 €						
2º trofeo +	600 €	300 €	150 €			CON CARROZA	500 €	250 €	200 €	100 €
3º trofeo +	500 €	250 €	100 €							
4º trofeo +	400 €	200 €	50 €							
5º trofeo +	300 €	150 €				SEN CARROZA	250 €	125 €	100 €	50 €
6º trofeo +	200 €	100 €								
7º trofeo +	100 €	50 €								

Segundo a normativa vixente, os premios superiores a 300 € ou a suma de varios, estarán suxeitos a correspondente retención tributaria.

A formalización do pago das contías dos premios será por transferencia bancaria, así como os fixos por participación, que estarán suxeitos á presentación da factura correspondente por parte da asociación participante no Departamento de Intervención do Excmo. Concello de Tui a partires do luns 22 de febreiro, unha vez formalizada a Acta de Participación do Concurso de Comparsas & Grupos e do Enterro do Bacallau.

SÉTIMA

PERCORRIDO

A concentración de participantes farase de 15:45h a 17:15h no tramo final da rúa Casal Aboy e rúa A Guarda, accedendo obrigatoriamente pola intersección da Avenida da Concordia coa Rúa Maristas e logo pola rúa Ourense, colocándose en orde para a saída que será ás 17:30h percorrendo un circuito pechado ao tráfico polas rúas Casal Aboy, Compostela, Betanzos, Irmáns Maristas, Ourense e A Guarda (ver mapa anexo), coa **PROHIBICIÓN** expresa de calquera parada.

OITAVA

ORDE DE SAÍDA

A orde de saída dos participantes debidamente inscritos asignarase mediante sorteo público, que se realizará o luns 1 de febreiro ás 20:00h no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Tui, onde asistirá obrigatoriamente un representante, maior de idade, por cada inscrición realizada, outorgándolle un número que deberá levar cada participante nun lugar visible no Desfile – Concurso, como no Enterro do Bacallau, respectando sempre a seguinte orde de saída previa:

1º: comparsas de fantasía - 2º comparsas sen acompañamento musical - 3º comparsas con acompañamento musical - 4º: comparsas sen carroza - 5º: grupos

A finalización do sorteo é o momento de realizar trocos entre números de participación dentro destes criterios de orde mencionados.

NOVENA

ENTERRO DO BACALLAU

Os premios do Desfile – Concurso e os fixos por participación serán aboados sempre e cando os destinatarios destes acudan na súa totalidade e de rigoroso loito, perfectamente identificados e acompañados dos músicos participantes no desfile, ao Enterro do Bacallau que se celebrará o domingo 14 de febreiro ás 19:30h dende a Praza de San Fernando, percorrendo as rúas Seixas, Porta da Pía, Ordoñez, Corredoira, con parada no Cantón de Diómedes para realizar o funeral, lendo ou cantando as coplas ao finado Bacallau (entregando copia previa no rexistro de entrada o xoves 11 de febreiro de 09h a 14h), só os grupos ou comparsas que así o desexen (a cara descuberta e 3 persoas máximo), seguindo pola rúa Augusto G. Besada, Rúa Ourense e Aparcamento Municipal, onde será a cerimonia do enterro mediante incineración. Os gañadores do premio xeral serán os portadores do Bacallau, e os gañadores en acompañamento musical farán a escolta musical.

DÉCIMA

COMUNICACIÓN

Estas Bases serán publicadas o venres 15 de xaneiro de 2016, na páxina web www.concellotui.org, así como serán difundidas a través da Radio Municipal de Tui e nos diferentes medios de comunicación, e estarán a disposición da cidadanía no taboleiro de información no Concello de Tui e no Departamento de Cultura, así como os modelos de inscricións, e outros anexos solicitados e mapa do percorrido.